



Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Ferrol para que na tramitación dos expedientes actue de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade, evitando calquera demora na súa resolución.

Expediente: B.10.Q/103/2020

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2020

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por don D. [REDACTED], pola inactivade do Concello de Ferrol nun expediente de reposición da legalidade urbanística en [REDACTED] no dito Concello, e posible caducidade do mesmo.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 16 de xaneiro de 2020, D. [REDACTED] presentou escrito de queixa ante o Valedor do Pobo denunciando a inactivade do Concello de Ferrol nun expediente de reposición da legalidade urbanística pola construción dunha bodega ou engadido a un hórreo antigo no lugar de [REDACTED], do Concello de Ferrol, no que fai constar que os feitos se remontan ao ano 2014, e desde entón o expediente [REDACTED] permanece en situación de dilixencias previas, sen iniciarse, e en breve prazo caducará o prazo de 6 anos de que dispón a administración para poder iniciar o procedemento de reposición da legalidade no que existe unha vulneración sobre un ben de interese cultural.

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos feitos nos que se baseaba, para o que se solicitou información ao Concello de Ferrol con data do 24 de febreiro, 21 de abril e 1 de xullo de 2020.

TERCEIRO.- Con data do 7 de xullo o Concello de Ferrol remite informe no que comunica que con data do 16 de marzo de 2020 ditouse Decreto polo que se incoa expediente de reposición da legalidade urbanística aos propietarios do inmovible sito no lugar de [REDACTED]), polas obras acoradas ó hórreo (supostamente legalizables) e obras de estrutura de aceiro (piares de fundición e viga) existente diante do alpendre (non legalizables), sen contar co preceptivo título habilitante municipal, concedéndolle un prazo de audiencia de 15 días para que achegue a documentación que estime conveniente ou formule as alegacións que crea oportunas ao abeiro do artigo 381.3 do Decreto 143/2016 que aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia.

Informa o Concello que a tramitación do expediente seguirá o procedemento previsto nos artigos 379 e seguintes do Decreto 143/2016 que aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia.

CUARTO.- De acordo co anterior, débese ter en conta o seguinte:

- 1) O Sr. [REDACTED] presentou denuncia contra a construción supostamente ilegal con data do 26 de agosto de 2014 á Dirección Xeral Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia
- 2) O Concello de Ferrol lle comunicou a incoacción de dilixencias previas ao Sr. [REDACTED] no mes de xuño de 2015.
- 3) Ata o 16 de marzo de 2020, o Concello non dita decreto de incoacción de expediente de reposición da legalidade urbanística aos propietarios do inmovible.
- 4) No informe remitido polo Concello faise constar que á propiedade da finca se lle concedeu no mes de marzo de 2020, un prazo de quince días para presentar a documentación ou alegacións que estime convintes, sen que conste que se realizaran mais trámites do dito procedemento, que trae a súa causa dunha incoacción de dilixencias previas do ano 2015.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- O artigo artigo 103 da Constitución Española e o artigo 3 da Lei 40/2015, o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establecen que a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa con sometemento pleno á Lei e ao Dereito.

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en tódolos procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación, exceptuándose os supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio, así coma os procedementos relativos ao exercizo de dereitos

sometidos unicamente ao deber de declaración responsable ou comunicación á Administración.

SEGUNDA.- O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento, no presente caso no artigo 379 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e de acordo co disposto no artigo 70 da Lei 39/2015, os procedementos administrativos están sometidos ao principio de celeridade, e se impulsará de oficio en todos os seus trámites, respectando os principios de transparencia y publicidade.

TERCEIRA.- As persoas designadas como órgano instructor ou, de ser o caso, os titulares das unidades administrativas que teñan atribuída tal función, serán responsables directos da tramitación do procedemento, e en especial do cumprimento dos prazos establecidos, segundo establece o apartado 4 do citado artigo 70 da Lei 39/2015.

Por todo o exposto ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Ferrol o seguinte :

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS

Recordámoslle que na tramitación dos expedientes, deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución, estando obrigado a ditar resolución expresa nos prazos legalmente previstos e evitando calquera demora na súa resolución, tendo en conta que as dilixencias previas ditáronse no mes de xuño de 2015.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación do recordatorio de deberes legais formulado, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do

conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con

especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo